

INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2014-2015

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 27-07-2016

DATOS DO TÍTULO	
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	Grao en Enfermaría
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO	E. U. de Enfermaría (Ourense) E. U. de Enfermaría (Pontevedra) E. U. de Enfermaría (Meixoeiro) E. U. de Enfermaría (Povisa)
RESULTADO DO PROCESO DE SEGUIMIENTO	<input type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE <input checked="" type="checkbox"/> CONFORME (B) <input type="checkbox"/> NON CONFORME

Xustificación do Resultado:

A metodoloxía utilizada para a avaliación deste título está baseada na “Guía para o seguimento dos títulos oficiais de grao e máster” da ACSUG de xullo de 2015.

Cumprimento do proxecto establecido:

O grao en enfermaría responde a un perfil de estudos perfectamente definido que inclúe atribucións profesionais regulamentadas por lei. Procede da transformación dunha diplomatura e é impartido en escolas de enfermaría con distintas tradicións académicas. Ambas circunstancias condicionan a marcha do título tanto positiva como negativamente. Obsérvase que os responsables dos títulos fixeron un esforzo importante en mostrar unha imaxe coordinada do título mantendo as ofertas específicas de cada centro. Así, obsérvase que a meirande parte das guías docentes das materias son coherentes coas fichas respectivas da memoria; que as páxinas web mostran cada vez máis información, sendo algunhas moi completas; que os sistemas de garantía de calidade estanse a implantar lentamente, etc.

Obsérvase tamén que os resultados deste esforzo son desiguais cando se comparan os diferentes centros.

É necesario continuar mellorando todos os aspectos docentes e organizativos que contribúan a unha excelente formación dos alumnos. Entre eles cabe resaltar:

- É importante lembrar que o traballo fin de grao (TFG) é unha materia que ten certas particularidades que obrigan a xestionala de maneira totalmente transparente. Por tanto, debe facerse un esforzo en aprobar unha normativa que a xestione e a publicar toda a información relativa a ela (listado de traballos, asignacións, tribunais, criterios de avaliación, etc).

- Existe un consenso cada vez mais amplo na comunidade universitaria sobre a maneira de documentar a actividade investigadora da comunidade universitaria. Tamén é necesario documentar as actividades docentes e de xestión. Para elo, é imprescindible a implementación e o bo funcionamento do sistema de garantía de calidade.

- amén é importante ter en conta que para exercer a docencia no ensino superior universitario compre ter o título de doutor. Aínda que isto poida parecer un requisito puramente formal, dita capacitación permite ao profesorado estar na fronteira do coñecemento a través da labor investigadora aportando un alto valor engadido á docencia de grao.


Finalmente, compre indicar que os resultados obtidos (indicadores, cualificacións dos alumnos, etc) son, en xeral, bos. Sen embargo, as enquisas de satisfacción dos estudantes mostran resultados aparentemente baixos que suxiren certo descontento dos alumnos con algúns aspectos do título. Sería conveniente que os responsables tiveran as ferramentas necesarias para analizar a situación e detectar se existen queixas fundadas entre os alumnos que poidan afectar á marcha dos estudos. Neste sentido, é importante lembrar que os mecanismos de coordinación tanto horizontal como vertical dentro dunha titulación cando están totalmente implantados e funcionando son moi útiles para devandita labor.

Plan de melloras do título:

Todos os centros dispoñen de plan de melloras. Os plans existentes son coherentes coa análise feita en anos anteriores e as accións de mellora deberían ser efectivas en algunha medida. Unha mostra disto é que deste documento deberían derivarse moitas máis recomendacións para a mellora relativas ao funcionamento do ensino que á implementación do título debido a que os puntos febles de tipo estrutural aos que facían referencia os plans de mellora de anos anteriores fóronse corrixindo en maior ou menor medida.

Modificacións do plan de estudo:

Vigo, a 27 de xullo de 2016



Xosé María Gómez Clemente
Director da Área de Apoio á Docencia e Calidade

1. Valoración do cumprimento

Resultado:

- Conforme excelente** **Conforme** **Non Conforme**
 A **B** **D**
 C

Resumo das Valoracións:

Organización e Desenvolvemento	B
Información e Transparencia	C
Sistema de Garantía de Calidade	D
Recursos Humanos	C
Recursos Materiais e Servizos	C
Resultados de Aprendizaxe	B
Indicadores de Satisfacción e Rendemento	B

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Evidencias	Descrición
E4: Guías docentes das materias/asignaturas	<p>Miráronse as guías docentes das seguintes materias:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fisioloxía: Fisioloxía • Enfermaría comunitaria II • Prácticas Clínicas III <p>En xeral, as guías docentes non presentan deficiencias significativas. Todos os apartados das guías están cumprimentados e, son coincidentes (ou polo menos, compatibles) coa memoria. Dependendo do centro e das materias, algúns apartados como contidos ou avaliación están máis ou menos desenvolvidos. Hai algún erro puntual (discrepancia coa memoria ou simplemente non existir) cos resultados de aprendizaxe.</p> <p>Atopáronse deficiencias nas linguas nas que están escritas as guías docentes. Hai apartados mal traducidos ao galego ou simplemente non traducidos que deberían ser sinxelos de corrixir. Observouse que POVISA presenta algunhas guías docentes en inglés. Se ben este feito pode ser considerado unha boa práctica xa que non é requisito facelo, sería bo que as traducións non presentasen erros dado que algunhas guías en inglés non se entenden ben. Deberíase poñer en coñecemento da Área de Calidade este problema da aplicación DOCNET ou facer unha revisión detida das traducións.</p>
E30: Actas do último curso da Comisión Académica / Comisión de Titulación	<p>Nos respectivos autoinformes de avaliación os diferentes centros presentaron actas de diferentes órganos (comisión de organización académica, comisión permanente, comisión de prácticas clínicas, xunta de centro, comisión de calidade, etc). Deles, poderíase deducir que non existen mecanismos de</p>

	<p>coordinación da titulación específicos en cada un dos centros. Existe a coordinación vertical dirixida polo equipo de goberno que é imprescindible para o funcionamento do título (prácticas clínicas, guías docentes, cuestións administrativas, etc). Porén, non parecen existir procedementos de coordinación docente horizontais onde se faga o seguimento e avaliación do funcionamento de cada un dos cursos.</p> <p>Obsérvase que a periodicidade das reunións dos órganos que presentaron as actas é, na meirande parte dos casos, aleatoria. É dicir, non corresponde a ningunha estratexia ou programación predeterminada senón que se fai cando alguén o considera necesario. Igualmente, obsérvase que as actas en certos casos non conteñen información completa do acontecido. Ademais da data, asistentes e asuntos que se tratan sería conveniente recoller nelas os argumentos principais das discusións e todos os acordos xunto cos anexos que os documenten.</p>
--	---

1.1.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Algunhas guías docentes non figuran nos dous idiomas oficiais da UVIGO.	SI (Meixoeiro)	
Parece que non existen mecanismos específicos de coordinación docente nas titulacións.	NON	

1.1.2 Valoración do Criterio:

Organización e Desenvolvemento	B
---------------------------------------	----------

1.1.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	E4	As guías docentes presentan erros puntuais
Non Conformidade	E30	Non existen evidencias claras da existencia de mecanismos de coordinación docente horizontais e verticais explícitos máis aló da labor da dirección

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese), nas seguintes evidencias:

- E1- E6 Páxina web do título/centro/universidade
- E1 Memoria vixente da titulación
- E4: Guías docentes das materias/asignaturas

Elemento	Valoración	Descrición
A información da organización académica da titulación é completa?	C	<p>En xeral, a información da organización académica das diferentes webs dos centros é bastante completa. En todas elas atópase a información xeral do título, ben en formato PDF ou en formato HTML (preferible). Nalgúns centros en dita información non aparece o cuadrimestre de impartición das materias nas táboas resumo nin cales son as materias optativas que se imparten (varían cada curso?).</p> <p>Miráronse as competencias de Anatomía humana (1º), Farmacoloxía e dietética (2º) e Enfermaría materno-infantil (3º) ademais das do apartado anterior. Detectáronse algunhas discrepancias entre as competencias que aparecen nas guías docentes e as que aparecen nas correspondentes fichas da memoria. Estas discrepancias son puntuais en Pontevedra, algo frecuentes no Meixueiro e bastante frecuentes en POVISA.</p> <p>En todos os centros están dispoñibles os horarios e calendarios de clase e exames. So en algúns atópase información sobre as aulas asignadas a cada actividade docente. Os calendarios son xerais e, tendo en conta, a diferente presencialidade e as diferentes actividades presenciais que figuran nas guías docentes, é difícil facerse unha idea de que actividades vai ter o alumno cada día. É moi recomendable que exista un cronograma detallado de todas as actividades docentes presenciais ao longo do cuadrimestre, tal e como se fai en outros centros da UVIGO.</p> <p>Respecto ao traballo fin de grao hai diferenzas importantes entre os centros. Así, as escolas de Pontevedra e POVISA non teñen normativa propia de TFG e a información que mostran é moi escasa. As escolas de Ourense e Meixueiro teñen bastante información que aínda poden completar: cronograma das defensas, rúbricas de avaliación, composición dos tribunais, a asignación de traballos, cualificacións finais, etc.</p>
A información do SGC é completa?	B	<p>Todas as webs dos catro centros teñen un apartado dedicado a calidade onde figura o manual de calidade, os procedementos, a composición da comisión de calidade, política de calidade, etc. A información das escolas de Pontevedra e POVISA podería ser máis abundante e detallada (p.ex. non se puido atopar o procedemento sobre "Planificación e desenvolvemento do ensino").</p>
A información dos recursos humanos e materiais é completa?	C	<p>En xeral, existe información tanto de recursos humanos como de recursos materiais. É posible atopar un directorio de profesorado en formato PDF de todos os profesores do título (excepto en Pontevedra). Nalgúns centros, incluso pode atoparse un pequeno CV de cada profesor. Sería conveniente que o directorio estivera en formato HTML xa que é moito máis manexable. Ademais deberían figurar máis datos de</p>

		<p>contacto e localización como o despacho que utiliza co seu correspondente teléfono, os horarios de titoría, e incluso unha fotografía.</p> <p>É recomendable, tamén, a inclusión na web dun directorio de Persoal de Apoio (secretaría, conserxería, departamentos, etc).</p> <p>É recomendable a inclusión na web dun plano cun directorio de espazos (aulas, seminarios, laboratorios, etc).</p>
A información dos resultados é completa	C	<p>Excepto en Pontevedra, existe información actualizada de distintas taxas do título accesible na web. Dado que dita información é para persoas alleas á administración universitaria, é moi recomendable que, polo menos, xunto aos valores numéricos figure a definición da taxa. É recomendable, tamén, que os datos se actualicen e que figure a evolución histórica dos datos.</p> <p>Só foi posible atopar o Informe de Revisión pola Dirección na escola do Meixoeiro.</p> <p>Atopouse os informes de revisión pola dirección de Meixoeiro e Povisa</p> <p>Ver apartado de alegacións</p> <p>Compre lembrar, que dito informe é importante e debe conter datos pormenorizados de resultados por título, curso e materia co seu correspondente análise.</p>

1.2.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Existen guías docentes nas que as competencias non coinciden coas que figuran nas respectivas fichas da memoria	NON	
Non existen cronogramas onde figuren todas as actividades presenciais que se mencionan en cada unha das guías docentes	NON	
A información sobre o TFG é moi escasa nas escolas de Pontevedra e POVISA. Falta a normativa propia para os TFG	NON	
Na escola de Pontevedra non se pode atopar información sobre o profesorado. Naqueles centros nos que existe información sobre os recursos humanos e materiais, e recomendable que dita información figure en directorios en formato HTML.	SI (Meixoeiro, POVISA)	
Non existe suficiente información sobre resultados na web debidamente explicada e analizada (na escola de Pontevedra, simplemente non existe).	SI (Ourense)	
Non se atoparon os informes de Revisión pola Dirección das escolas de Pontevedra, Ourense e POVISA: Ver apartado de alegacións	NON	

1.2.2 Valoración do Criterio:

Información e Transparencia	C
------------------------------------	----------

1.2.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
---------------	------------------------	---------------

Recomendacións para a mellora	Páxinas web	A información dos diferentes centros é desigual. Hai aspectos importantes con información escasa.
-------------------------------	-------------	---

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Evidencias:	Descrición
E05- E7-E8: Documentación do Sistema de Garantía de calidade	Moi maioritariamente os rexistros de procedementos do SGIC dos catro centros ou ben non existen ou están baleiros. Aparentemente os sistemas de calidade dos centros están implementados pero non funcionan.
E30: Actas do último curso da Comisión de Calidade	Non se apreciou nas actas aportadas polos responsables do título nas autoavaliacións que se intentaran poñer en marcha os procedementos de calidade.

1.3.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
O SGIC dos centros aínda non funciona		

1.3.2 Valoración do Criterio:

Sistema de Garantía de Calidade **D**

1.3.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Non Conformidade	E05-E7-E8	Non se atoparon rexistros significativos na aplicación do SGIC

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Evidencias:	Descrición
E27: Mecanismos empregados para a análise dos resultados de aprendizaxe	Ningún dos centros achegou dita evidencia no autoinforme.
Indicadores:	Descrición
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Os resultados de satisfacción nas enquisas de profesores son bos. Os valores acadados están próximos a 4.0 ou son superiores. En 3 centros ditos valores están por enriba da media.
I07: Resultados das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,...)	So foi posible atopar o informe de Revisión pola Dirección da escola do Meixoeiro pero non comenta indicador I07

1.4.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Non se atopou información sobre as enquisas de avaliación docente.	NON	
O número de profesores co título de doutor (requisito para ser profesor de universidade) que participan na titulación é demasiado baixo	SI (POVISA, Ourense)	
Non se atopou análise no informe de revisión pola dirección	NON	

1.4.2 Valoración do Criterio:

Recursos Humanos **C**

1.4.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	I07	Son se atopou documentación sobre dito indicador

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

Indicadores:	Descrición
I03 : Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Este ítem é o peor valorado polos alumnos de todos os centros. A diferenza coa media é elevada en todos os centros excepto en Pontevedra. Tamén é o ítem peor valorado con diferenza por todos os profesores con excepción de POVISA que o avalían de forma similar ao resto dos peores ítems. Dada a coincidencia unánime na insatisfacción dos diferentes colectivos e a magnitude da diferenza na avaliación con outros ítems, os responsables das titulacións deberían analizar o problema e buscar solucións.

1.5.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
A valoración dos recursos materiais por parte de todos os colectivos implicados é deficiente	NON	

1.5.2 Valoración do Criterio:

Recursos Materiais e Servizos **C**

1.5.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	I03	Os valores son demasiado baixos

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE: Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

Evidencias:	
E25-E17: Listaxe de Traballos Fin de Grado/Máster	<p>Todos os centros excepto a escola do Meixoeiro presentan no autoinforme a listaxe de traballos Fin de Grao coas respectivas cualificacións. A distribución de cualificacións é diferente en cada centro. As características máis salientables son:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pontevedra: as cualificacións distribúense entre 3.8 e 9.5 con certa variabilidade. - POVISA: As cualificacións distribúense entre 5 e 10, moi maioritariamente por enriba de 7.5. - As cualificacións distribúense entre 5.2 e 8.9. Non hai sobresaíntes e a relación notable: aprobado é aproximadamente 3:1.
E28- E18: Informes de cualificacións das materias/ asignaturas	<p>Todos os centros excepto a escola do Meixoeiro presentan no autoinforme táboas de taxas obtidas do programa de xestión académica da UVIGO. As escolas de Pontevedra e Ourense presentan valores similares, medios para materias teóricas e moi elevados para materias prácticas. A escola de POVISA ten valores significativamente máis altos sendo 100% de aprobados en todas as materias prácticas.</p> <p>Claramente a escola de POVISA tende a puntuar dun xeito máis elevado tanto as materias teóricas, como as prácticas e o TFG.</p> <p>Só a escola do Meixoeiro ten na web o Informe de Revisión pola Dirección pero non analiza os resultados das diferentes materias.</p> <p>É importante ter unha boa análise dos resultados académicos para detectar posibles problemas na impartición das materias.</p> <p>Nesta evidencia debería aparecer o informe de cualificación de cada unha das materias. Este informe atópase dispoñible actualmente na aplicación Unidata. Accedese a “Acreditación Títulos” e logo a “Matrícula e rendemento” e finalmente escollese o informe “AC-E08- Calificación de cada unha das materias</p>

1.6.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Non se atopou a valoración dos resultados de aprendizaxe por parte dos responsables dos títulos, nin na web nin no informe de Revisión pola Dirección	NON	

1.6.2 Valoración do Criterio:

Resultados de Aprendizaxe **B**

1.6.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	E28-E18	Non se atopou análise no Informe de Revisión pola Dirección

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO: Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Evidencias:	
E15- E10: Enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese	Só a escola do Meixoeiro ten na web o Informe de Revisión pola Dirección pero non analiza os resultados das diferentes enquisas de satisfacción.
E12-E19: Informes públicos sobre os resultados da titulación	Só a escola do Meixoeiro ten na web o Informe de Revisión pola Dirección pero non analiza os resultados dos informes públicos sobre os resultados da titulación.
Indicadores:	
I01: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico	O número de estudantes de novo ingreso está estabilizado en todos os centros: lixeiramente superior a 50 nas escolas de Pontevedra, Ourense e Meixoeiro (prazas ofertadas 50) e 60-70 na escola de POVISA (prazas ofertadas 75).
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	<p>Pontevedra. Participación estudantes: 40% (42/39). Participación profesorado: 85% (75/93) Satisfacción dos estudantes: 2.4 (2.2/2.5) A meirande parte dos ítems por debaixo de 3.0. As mulleres puntúan algo mais alto que os homes. O único ítem completamente por enriba de 3 é satisfacción cos resultados. Satisfacción do profesorado: 4.3 (4.3/4.3). Todos os ítems por enriba de 4.0 (entre 4.0 e 4.5). POVISA. Participación estudantes: 26% (21/27). Participación profesorado: 44% (33/67) Satisfacción dos estudantes: 3.2 (2.4/3.3) As mulleres puntúan algo moito máis alto que os homes. Os ítems mellor puntuados son resultados e obxectivos (3.8 e 3.7). Orientación e recursos están por debaixo de 3.0. Satisfacción do profesorado: 4.0 (4.1/3.8). Todos os ítems por enriba de 3.6 e a meirande parte deles por enriba de 4.0. Ourense. Participación estudantes: 54% (23/61). Participación profesorado: 85% (89/83) Satisfacción dos estudantes: 2.5 (3.3/2.4) Hai 2 ítems por enriba de 3.0: obxectivos e competencias e resultados. Recursos obtén 1.7 e o resto obtén entre 2.5 e 2.8. Satisfacción do profesorado: 3.5 (3.3/3.6). A meirande parte dos ítems están por enriba de 3.5 a excepción de recursos materiais que claramente sáese da tónica xeral (2.8). Meixoeiro. Participación estudantes: 14% (0/18). Participación profesorado: 71% (77/67) Satisfacción dos estudantes: 2.0 (0.0/2.0) Hai 2 ítems por enriba de 3.0: obxectivos e competencias e resultados. Planificación obtén 2.34 e o resto están claramente por debaixo de 2.0. Satisfacción do profesorado: 3.4 (3.3/3.5). A meirande parte dos ítems están por enriba de 3.7 a excepción de calidade (3.2) e recursos materiais que claramente sáese da tónica xeral (2.5). A participación nas enquisas é variable pero os resultados parecen significativos. En xeral, a satisfacción dos estudantes é baixa obtendo nas escolas de Pontevedra, Ourense e Meixoeiro valores claramente por debaixo da media (3.0). Curiosamente, o ítem mellor valorado por todos os estudantes é o de resultados e o peor valorado é o de recursos materiais. Pola contra, a satisfacción dos profesores é media-alta obtendo valores claramente maiores que a media. A diferenza entre a valoración</p>

	da satisfacción dos estudantes e profesores oscila entre 1.0 puntos na escola de Ourense e case 2.0 puntos nas escolas do Meixoeiro e de Pontevedra. Tanto os valores absolutos dos estudantes como as diferenzas entre estudantes e profesores suxiren unha diferente percepción do centro e do título por parte dos dous colectivos. Os responsables deben analizar as razóns destes valores para poñerlle solución aos problemas (en caso de que existan).
I11: Indicadores de resultados de forma global para o título.	Os diferentes indicadores son similares para todos os centros. A taxa de abandono é case sempre inferior ao 10% (excepto a escola de POVISA) e as taxas de rendemento, eficiencia, éxito e avaliación son sempre superiores ao 85% e próximas en algúns casos ao 100%. É lóxico que os alumnos estean satisfeitos cos resultados.
I12 Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	As taxas son aceptables para o título.

1.7.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Os valores acadados por todos os centros nas enquisas de satisfacción aos alumnos é anormalmente baixo suxerindo que existen problemas non enunciados polos responsables dos títulos	NON	
Non se atopou a análise de resultados feita polos responsables dos títulos (Informe de Revisión Pola Dirección).	NON	

1.7.2 Valoración do Criterio:

Indicadores de Satisfacción e Rendemento B

1.7.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	I03	Os resultados das enquisas son baixos
Recomendacións para a mellora	E12-E19	Non existe informe de Revisión pola Dirección en tres centros

1.8 Alegacións da Valoración do Cumprimento:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
<p>Un primeiro comentario a modo de alegación xeral é que á comisión avaliadora, non lle foi posible atopar o noso informe de seguimento do plan de melloras, o que condicionou todo o informe no referente ao centro de Pontevedra. O noso plan de melloras foi subido á aplicación de calidade durante os prazos previstos e enviado por correo electrónico no seu momento, pero como ao equipo avaliador non lle foi posible atopar o noso plan de melloras, tampouco puideron realizar unha análise da situación do plan de melloras, nin avaliar as melloras relativas ó funcionamento do ensino nin a corrección realizada dos puntos febles de anos anteriores. Ver “alegación do plan de melloras”</p>	<p>Admitida: <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación: Unha vez revisada de novo polo equipo avaliador e polo persoal da Area de Calidade a documentación presentada comprobouse que o plan de melloras era posible atopalo como documento adxunto ao informe de seguimento. Aínda que debe ser público, non foi posible atopalo na web do centro.</p>
<p>Criterio 1:</p> <p>E4: O mais destacable neste criterio para poder explicar algunha das consideración que figuran no apartado de descrición en relación as guías docentes, é que no curso 2014-2015 entrou en vigor a memoria modifica aprobada no 29 de xullo de 2014, data na que xa se había publicado a información pública relevante previa á matrícula. Deste xeito, a memoria pola que se fixeran as guías dese curso, fora a memoria verifica, e tan só se tivo en conta a memoria modifica, nese momento, para a incorporación do curso de adaptación ao grao.</p> <p>E por iso que as guías docentes poden presentar discrepancias, problemas que se incrementan no momento de por en marcha a devandita memoria no curso académico 2015-2016 e que se comentarán no próximo autoinforme de seguimento.</p> <p>Nas guías docentes de Pontevedra, se puido comprobar como están cubertas na súa totalidade nos dous idiomas oficiais da comunidade.</p> <p>Por esta circunstancia especial da posta en marcha parcial da memoria vixente, o que, sen dúbida, puido ocasionar as discrepancias reflectidas, que serán resoltas coa introdución, no curso 2015-2016, da nova memoria modifica na súa totalidade, se solicita á comisión de revisión interna o estudo e consideración desta alegación.</p> <p>E30: os mecanismos de coordinación académica específicos do noso centro, son mecanismos de coordinación horizontal e vertical. Os mecanismos de coordinación horizontal os que se establecen desde a coordinación da cada materia e de cada bloque de materias a través do seu coordinador, xa que no noso centro é unha práctica habitual que as materias sexan impartidas por más dun profesor/a, o que require un</p>	<p>Admitida: <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non Xustificación: A argumentación presentada polos responsables do título non cambia a percepción do equipo avaliador sobre a existencia de discrepancias puntuais entre a memoria e as guías docentes e sobre as diferenzas existentes entre os diferentes centros que imparten o título a hora de elaborar as guías docentes. Os mecanismos de coordinación docente deben ser públicos (responsables, funcionamento, etc). A non existencia de información pública que documente ditos mecanismos pode inducir ao equipo avaliador a considerar que non existen.</p>

maior control, ademais existe a figura de coordinación académica en cada curso, que recolle xunto coa subdirección académica, os aspectos mais salientables recollidos das reunión de coordinación cos delegados e representantes do alumnado nas distintas comisión (repetición de contidos, contidos sen impartir, non cumprimento do cronograma establecido en función das metodoloxías docentes, da planificación, seguimento xeral do seu adecuado desenvolvemento e da súa avaliación.

No noso caso, non todas as actas son públicas, o que tentaremos de corrixir na medida do posible.

Ademais ao non poder atopar a situación do plan de melloras do noso centro, non quedou establecido a posible existencia de acción de mellora asociada a cada un dos puntos febles.

Polo exposto solicítase á comisión de revisión interna o estudo e consideración desta alegación en canto a non conformidade do apartado E30.

Criterio 2

O feito, de que só se tivera en conta a memoria modifica, nese momento, para a incorporación do curso de adaptación ao grao, tal e como quedou explicado no criterio 1, afecta a mais dun criterio. Neste criterio, e unha das razóns que explican porque existen guías docentes nas que as competencias non coinciden coas que figuran nas respectivas fichas da memoria e debido a antedita circunstancia. A través dos diferentes autoinformes de seguimento da memoria verifica fóronse eliminando de xeito progresivo das diferentes guías docentes algunhas das competencias redactadas como “capacidades” recollidas do libro branco da ANECA, acción de eliminación, deste tipo de competencias que constaban nas memorias verifica máis antigas, recomendada pola propia área de calidade da Universidade de Vigo ao igual que a eliminación do contido que figuraba na pestana “Competencias da Materia” da ficha de cada unha das guías docentes, para substituílo por “Resultados de Aprendizaxe”.

Por esta circunstancia se solicita á comisión de revisión interna o estudo e consideración desta alegación.

O cronograma detallado das materias do Grao en Enfermería na Escola de Pontevedra facilítase directamente ao alumnado, xa que este atópase deseñado seguindo o desenrolo cronolóxico das diferentes metodoloxías docentes existentes na planificación da materia.

En canto a existencia de aspectos importantes recollidos na valoración con información pública escasa, comentar que: en relación o TFG atópase dispoñible na páxina web toda a información relativa o mesmo (regulamento interno, regulamento Uvigo, liñas temáticas, proceso de asignación de traballos, documentos e anexos, datas de solicitude de defensa, os calendarios de cada oportunidade, etc.): <http://www.enfermeria.depo.es/126> Na páxina web, a información dos recursos humanos, profesorado e PAS atópase dentro de “Organización docente” no apartado “Profesorado” e en formato PDF,

Admitida:

Si

Non

Xustificación:

A documentación ten que estar dispoñible en tempo e forma. No momento da avaliación non se atopou a información citada.

Cronogramas: non existe documentación pública que permita pensar que os alumnos dispoñen dun cronograma. Malia isto un cronograma é unha boa práctica non unha obriga polo que se retira o punto feble.

TFG: no enlace aportado non se pode atopar o regulamento de TFG do centro así como outra información relevante para o seu desenvolvemento.

información que ten que ser mellorada tal e como consta no plan de melloras e debémola incorporar no apartado de profesorado do título de Grao. Ademais, na actualidade, estase a desenvolver a acción de mellora proposta para incorporar un directorio en formato HTLM, se é posible, que amplie a información pública relativa ao profesorado do noso centro seguindo as recomendación da propia área de calidade da Universidade de Vigo.

Por problemas recentes no mantemento da páxina web da Escola existen problemas na visualización da información pública relativa ao acceso das distintas taxas do título e do informe de revisión pola Dirección, que se solucionarán a la maior brevidade posible.

Como dos puntos febles de este criterio existen accións de mellora asociada os plans, e non puideron ser consultados, se solicita á comisión de revisión interna o estudo e consideración desta alegación.

Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade

Para este seguimento do título, o centro fixo varias propostas para mellorar o desenrolo do SIGC e a súa difusión a través da mellora da información pública. Neste sentido fôronse eliminando varias comisións que ao noso sentir limitaban a convocatoria da comisión de calidade do centro e que foron asumidas por esta, xa que o deseño do novo Manual de Calidade, permitiunos establecer un novo organigrama que facilite a convocatoria da Comisión de Calidade. No obstante a mellora dos resultados en relación ao SIGC, é posible que sexa algo mais lenta xa que no noso caso tratase dun centro adscrito, sen apoio en calidade, e ao que se lle requiren os mesmos procedementos que aos centros propios, razón que puido ser a causa da non conformidade E05, E7, E8, de que nos se atoparan rexistros significativos na aplicación do SGIC, aínda que se fai referencia a existencia das actas centralizadas nunha carpeta específica.

Nos puntos febles de este criterio existen accións de mellora asociada os plans.

Criterio 4. Recursos Humanos.

Ao non atopar o informe de revisión pola Dirección, que no momento de facer este informe de alegación, e descoñecendo as razóns, non se encontra na aplicación, polo que entendemos a ausencia da información á que se refiren. Neste sentido o devandito informe será incorporado á aplicación á maior brevidade.

No próximo seguimento do título 2015-2016, se terá en conta o achegar a evidencia no E27, sobre os mecanismos empregados para a análise dos resultados de aprendizaxe. Ademais, nos puntos febles de este criterio existen algunhas accións de mellora asociadas os plans, polo que se solicita á comisión de revisión interna o estudo e consideración desta alegación.

Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Trala correspondente análise e valoración dos recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes, estes enténdese como axeitados ás necesidades do

Admitida:

Si

Non

Xustificación:

A documentación ten que estar dispoñible en tempo e forma. No momento da avaliación non se atoparon os documentos citados. Con todo, reconécense os esforzos do centro para implantar o sistema malia non ter un apoio directo para a xestión dos programas de calidade.

Admitida:

Si

Non

Xustificación:

A documentación ten que estar dispoñible en tempo e forma. No momento da avaliación non se atoparon os documento citados.

Admitida:

Si

Non

Xustificación:

título, a pesares de ser o ítem peor valorado polo alumnado. De todos os xeitos, a dirección da Escola segue a planificar novos espazos, para mellorar tanto en infraestruturas como na ampliación da dotación dos recursos materias existentes.

En relación a este criterio, non sempre o resultado acadado nas enquisas de satisfacción do alumnado noutros cursos foi igual. Estes valores dispares, e que neste ano, son mais baixos do esperado, pode ser debido as opinións que se recollen do alumnado nas reunións de coordinación en relación as súas expectativas de que o centro estivese situado no Campus, o que lles facilitaría a relación co alumnado doutros centros e títulos.

Nos puntos febles de este criterio tamén existe algunha acción de mellora asociada os plans, polo que se solicita á comisión de revisión interna de avaliación o estudo e consideración desta alegación.

Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Ao non atopar o informe de revisión pola Dirección, tal e como xa se comentou noutros criterios, no próximo seguimento do título 2015-2016, se terá en conta o achegar a evidencia o indicador de isto, E28, E18. O informe de cualificación de cada unha das materias, está pendente de incorporar á aplicación de calidade xa que tivemos unha dificultade coa aplicación Unidata, polo que a coordinadora de calidade do noso centro, tratará de incorporalo en tanto sexa posible. De todos os xeitos entendemos necesario comentar que as prácticas clínicas se constitúen en 78 ECTS, e son de obrigado cumprimento da súa totalidade por parte do alumnado, co que a nota obtida por esta circunstancia correspondese co o aprobado sempre que se cumpra tamén a condición de que a ficha de observación sistemática cuberta por a persoa que ocupa o cargo de titor/a clínica así o evidencie. A esta hai que sumar as demais notas acadadas polo alumnado no resto das probas avaliáveis, unha vez que as haxa superado, o que xustifica porque ao final as notas son elevadas, e pódese comprobar nas guías docentes destas materias.

Ademais como non lle foi posible atopar o plan de melloras da escola de Pontevedra a comisión avaliadora, comentar que existen recollidas, nalgúns puntos febles de este criterio, algunha acción de mellora asociada os plans, polo que se solicita á comisión de revisión interna de avaliación o estudo e consideración desta alegación.

A argumentación utilizada polos responsables do título non modifica a percepción do equipo avaliador.

Admitida:

Si

Non

Xustificación:

A argumentación utilizada polos responsables do título non modifica a percepción do equipo avaliador.

Se se producir un erro nalgunha das aplicacións deberíase comunicar á Área de Calidade para transmitilo aos Servizos Informáticos.

Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

As evidencias E15 e E10, están incorporadas a aplicación. Os resultados esperados destas enquisas son, en xeral, mais baixos do esperado, e practicamente en todos os ítems, (indicador, I03) aínda que entendemos que un dos factores que puido influír na percepción do alumnado e nas súas respostas, puido ser a redución a cinco puntos na escala da valoración das anteditas enquisas.

Nestas alturas do informe de alegación, se descoñece a razón da non aparición do informe de resultados por la dirección. En relación á evidencia E12, na aplicación hai un enlace, pero este non funciona, polo que trataremos de restauralo a maior brevidade posible. Na evidencia E19, está recollido que o persoal dun centro adscrito non é persoal da Universidade de Vigo polo que non é posible facilitar o % requirido en relación á participación no plans de formación institucionais para o PAS da Uvigo, coa excepción de actividades formativas específicas de xestión Académica da Uvigo ás que teñen a obriga da asistencia. O plan do centro para este persoal, basease en facilitar a asistencia ás actividades formativas ofertadas pola Institución da que depende o centro, a Deputación provincial, e a aquelas outras nas que o traballador/a, estea interesado pola relación co posto de traballo e sexa autorizado/a para a súa realización.

Do indicador I01, sinalar que o número de estudantes de novo ingreso, sexa lixeiramente superior, e porque nos non temos competencia nesta adxudicación.

Polo antedito, e como constan acción de mellora nos plans de Pontevedra, solicítase á comisión de revisión interna de avaliación o estudo e consideración desta alegación.

Admitida:

- Si
 Non

Xustificación:

A documentación requirida para a avaliación ten que estar dispoñible en tempo e forma a disposición do equipo avaliador. O Informe de Revisión pola Dirección da escola de Pontevedra segue, na actualidade, sen ser atopado polo persoal da Area de Calidade.

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Descrición:

Na descrición figura que só a Escola do Meixoeiro enviou o informe de revisión pola Dirección.

A escola de Povisa, enviouno en data 22/12 /2015, e figura en la Aplicación <https://seix.uvigo.es/sgic/> Buscar en evidencias, sistema de Garantía de calidade (curso 2013-2014 en adelante), procedimientos estratéxicos, DE-03 P1.disponible en el siguiente enlace https://seix.uvigo.es/sgic/manage_preentries.php?precollege=41&diropen=7443&focus=34758

Admitida:

- Si
 Non

Xustificación:

O equipo avaliador puido atopar o documento citado. Modifícase o comentario deste criterio.

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

“Evidencia E28-E18: A escola de Povisa, ten valores significativamente mais altos sendo o 100% de aprobados en todas as materias practicas. Claramente a escola de POVISA, tende a puntuar dun xeito mais elevado tanto as materias teoricas como as practicas como o TFG.”

As notas obtidas son mais elevadas en Povisa. (mayoritariamente por en riba de 7,5) Dos datos das taxas de rendemento ofrecidas pola propia universidade (

Admitida:

- Si
 Non

Xustificación:

Os argumentos expostos polos responsables do título da escola de Povisa modifican a percepción do equipo avaliador en canto as similitudes e diferenzas da avaliación dos resultados de aprendizaxe nos diferentes centros.

indicadores académicos por materia), é posible que se deduza esa tendencia a puntuar mais elevado nesta escola, pero creo necesario establecer unha serie de consideracións que poden contribuir a clarificar esa suposta “tendencia”.

1.- TFG :

Tasas de rendemento das escolas de enfermaría adscritas a

Universidade de Vigo:

Meixoeiro: 94%, Pontevedra: 89,36%; Ourense 100%;

Povisa: 92,86%.

Unha posible explicación, é o nivel de esixencia dos directores dos TFG e a súa implicación nos mesmos, con revisións constantes e non permitindo a presentación do traballo se

non se acada un determinado nivel. Salvando todas as diferencias, que son moitas, poderíamos dicir que é algo semellante ao que ocorre en calquera universidade: a inmensa maioría das teses de doutoramento, son cualificadas coa puntuación máxima.

2.- PRACTICAS

Tasas de rendemento das escolas de enfermaría adscritas a U. Vigo. Facendo un cálculo da media das 5 asignaturas de Practicas Clínicas, obteñense os seguintes valores das taxas de rendemento, para as catro escolas: Meixoeiro: 96,36%; Pontevedra: 97,91%; Ourense: 99,14%; **Povisa: 99,42%.**

A avaliación destas practicas, é na súa meirande parte externa. Feita polos responsables das distintas entidades onde

os alumnos realizan as practicas. No noso caso: Hospital Povisa, Hospital Fatima , Eoxi, Fremap e Residencias asistidas.

Ao dispor de catro profesores adicados á atención destes alumnos, a atención personalizada é un factor importante a

ter en conta. Ao longo de cada período de practicas, observanse as debilidades de cada alumno, procedendo a súa corrección con anterioridade á avaliación

3.- ASIGNATURAS TEORICAS.

Se tomamos coma exemplo unha materia de 1º: Bioquímica, outra de 2º Enfermería clínica 2 e outra de 3º Enfermería clínica 3, estas dúas por entender que existe entre elas unha certa continuidade , os valores das taxas de rendemento son:

	BIOQUÍMICA	EC 2	EC 3
Meixoeiro	96,36%	90%	89,29%
Pontevedra	100%	52,63%	82,76%
Ourense	94,34%	77,78%	49,18%
Povisa	77,33%	84,51%	92,42%

É difícil deducir destes datos que Povisa tenda a puntuar dun xeito mais elevado. É certo que escollendo outras materias o resultado sería diferente, pero en todo caso o que se pode deducir é que existe descoordinación á hora de utilizar os criterios de avaliación en cada unha

das escolas, e incluso para distintas materias dentro dunha mesma escola. Indubidablemente e una febleza que debería ser correxida. No informe de revisión pola Dirección, si se atopa unha valoración dos resultados de aprendizaxe, aínda que dende logo podería ser máis completa.

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO

Descrición:

A taxa de abandono é case sempre inferior ao 10% (excepto a escola de POVISA).

Esta cifra de abandono constátase a través do número de estudantes que solicitan traslado cara a outras escolas unha vez conclúen os seus estudos de primeiro.

Aínda que é certo que podemos alcanzar cifras de 75 ou máis estudantes de primeiro, tamén é certo que nos cursos de 2º, 3º e 4º, este número de estudantes diminúe quedando unha media aproximada de 60 estudantes por curso.

Estamos pendentes e nos seguintes informes de seguimento incluiremos estes datos.

Admitida:

Si

Non

Xustificación:

Os argumentos expostos polos responsables do título confirman a percepción do equipo avaliador. Recoméndase que se faga o posible para diminuír o abandono do título.

2. Plan de Melloras do Título

Resultado:

Conforme excelente **Conforme** **Non Conforme**
 A **B** **D**
 C

2.1 Xustificación da Valoración

De xeito xeral para realizar a valoración deste epígrafe, pódese facer reflexionando as seguintes cuestións. Si non hai incumprimentos ou existen incumprimentos de xeito puntual (<25% das accións) a valoración é Conforme. Si hai incumprimentos pero non son sistemáticos (<50% das accións) a valoración é Recomendación para a mellora. Si os incumprimentos son sistemáticos (>50% das accións) a valoración é Non conforme

Cuestións	Valoración	Descrición
Todos os puntos febles atopados levan asociados unha acción de mellora?	C	En xeral, os puntos febles atopados neste documento son consecuencia de disfuncións no funcionamento mentres que a meirande parte das accións de mellora deseñadas en anos anteriores polos centros se refiren maioritariamente a puntos débiles de tipo estrutural (PAT, convenios, mobilidade, formación de profesorado, etc). Por tanto, a maioría dos puntos febles atopados non figuran en plans de mellora de anos anteriores. Por exemplo, un punto feble de tipo estrutural é se non existe información sobre os recursos materiais mentres que, neste documento se evidencia, independentemente da súa existencia o descontento de todos os colectivos cos recursos materiais existentes.
As accións de mellora en xeral son coherentes para solucionar os puntos febles ?	B	En xeral, as accións de mellora propostas en anos anteriores son coherentes cos puntos febles detectados e, consecuentemente, permitirán corrixilos nun prazo de tempo razoable. O título está firmemente implantado en todos os centros e as accións de mellora dos plans xa establecidos contribuirán á súa consolidación

2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Non- Conformidade	Plan de mellora	Non se atopou o plan de mellora da escola de Pontevedra. Ver apartado de alegacións

2.3 Alegacións do Plano de Melloras:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
<p>No inicio de informe consta “A meirande parte dos centros dispoñen de plans de melloras (non foi posible atopalo na Escola de Pontevedra)”. O noso plan de melloras foi subido á aplicación de calidade durante os prazos previstos e enviado por correo electrónico no seu momento, pero como ao equipo avaliador non lle foi posible atopar o noso plan de melloras, tampouco puideron realizar unha análise da situación do plan de melloras, nin avaliar as melloras relativas ó funcionamento do ensino nin a corrección realizada dos puntos febles de anos anteriores. Un plan que a Escola considera completo, coherente coas accións pertinentes derivadas da maioría puntos febles detectados, e cun seguimento das acción de mellor de ano anteriores. Plan que poden consultar no apartado correspondente na aplicación, e a Escola comprométese a facelo público a través da web, en canto lle sexa posible. Polo que dada esta circunstancia especial, se solicita á comisión de revisión interna o estudo e consideración desta alegación.</p>	<p>Admitida: <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación: Unha vez revisada de novo a documentación aportada constatouse que no informe de seguimento da escola de Pontevedra figuraba o plan de melloras do centro (tamén debería ser público na web). Consecuentemente, o equipo avaliador pide desculpas polo erro cometido e procede á reavaliación do apartado 2.</p>

3. Modificacións do plan de estudos

3.1 Xustificación da Avaliación:

Incluiranse neste todas as modificacións **non substanciais**, que son aqueles cambios menores que melloran o título e que detectáronse no proceso de avaliación e non aparecen neste apartado

Indicar cales na seguinte ligazón: [Modificacións do plan de estudos](#) da páxina 2 deste modelo.

3.2 Alegacións das Modificacións do Plano de Estudos:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
<p>Non hai alegacións</p>	